

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP ISIDORA RIESTRA  
CURSO: 3ºPRIMARIA  
MATERIA: INGLÉS  
DEPARTAMENTO: INGLÉS  
DATA:15/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Dado que os criterios e estándares na materia de lingua inglesa son moi xerais, se especifican as estruturas gramaticais por ser onde se visualizan mellor os contidos impartidos, destacando en vermello os que non se puideron impartir.

### 2.Avaliación e cualificación.

### 3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

### 4. Información e publicidade.

|  |               |                               |
|--|---------------|-------------------------------|
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.<br>CURSO 2019/2020 | PÁXINA 1 DE 8 | CENTRO:<br>CURSO:<br>MATERIA: |
|--|---------------|-------------------------------|

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe   |
|--|---|
| <p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.</li> <li>▪ B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.</li> </ul> <p>B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p> | <p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p>PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá. <span style="float: right;">CCL</span></p> <p>PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. <span style="float: right;">CCL</span></p> <p>PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). <span style="float: right;">CCL</span></p> <p>PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. <span style="float: right;">CCL    CAA</span></p> <p>PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos) <span style="float: right;">CCL</span></p> <p>PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido <span style="float: right;">CSC</span></p> |
| <p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).</li> <li>▪ B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.</li> </ul> <p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso</p>  | <p><b>Bloque 2. Produción de textos orais</b></p> <p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles. <span style="float: right;">CCL</span></p> <p>PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta <span style="float: right;">CSC</span></p> <p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas)</p>  |

|  |  |
|--|--|
| diario.  | aprendidos a través de xogos. CCL CSC<br>PLEB2.5. Aмоса interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as. CCL CSC   |
| <p><b>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</li> <li>▪ B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.</li> </ul> <p>B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</p> <p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</li> <li>▪ B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</li> <li>▪ B4.3. Iniciar no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</li> </ul> | <p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></p> <p>PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. CCL</p> <p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais. CCL</p> <p>PLEB3.3. Aмоса interese pola lectura nunha lingua estranxeira CCL CAA</p> <p>PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. CCL CAA</p> <p>PLB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento. CCL CSIEE</p> <p>PLB3.6. Aмоса interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos CCL CSIEE</p> <p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b></p> <p>PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. CCL</p> <p>PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. CCL</p> <p>PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses. CCL</p> <p>PLEB4.4. Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...). CCL</p> <p>PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os</p> |

|   |   |
|---|---|
|   | <p>seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar CCL</p> <p>PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental. CCL</p> <p>PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. CCL CSC</p> <p>PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. CCL CSC</p>  |
| <p><b>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</li> <li>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.</li> <li>▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</li> <li>▪ B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</li> <li>▪ B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico</li> <li>▪ B5.6. Expresar a localización dos obxectos.</li> <li>▪ B5.7. Expresar e identificar os seus desexos.</li> <li>▪ B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</li> <li>▪ B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</li> <li>▪ B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.</li> <li>▪ B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</li> <li>▪ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</li> </ul> | <p><b>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural</b></p> <p>PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais. CCL</p> <p>PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e dirixese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). CCL CSC</p> <p>PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas. CCL</p> <p>PLEB5.4. Expresa e identifica a localización básica de obxectos CCL</p> <p>PLEB5.5. Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos CCL</p> <p>PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos CCL CAA</p> <p>PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples CCL CAA</p> <p>PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións máis habituais. CCL</p> <p>PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc. CCL CSC</p> <p>PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico</p> |

|   |   |
|---|---|
| <p>▪ B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.</p> <p>B5.14. Distinguir a función ou funcións comunicativas do texto e os seus expoñentes máis habituais.</p> | <p>traballado previamente de forma oral. CCL CAA</p> <p>PLEB5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. CCL</p> <p>PLEB5.13. Amonsa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas. CSC</p> <p>PLEB5.15. Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural CSC</p> |
|---|---|

**ESTRUCTURAS GRAMATICAIS**

- How are you? What's your name? How old are you? I'm seven.

- How do you spell...? How do you say..... in English?

-Is it a ....? Yes,it is / No, it isn't.

-Have you got a .....? Yes, I have / No, I haven't.

-What time is it?

What time do you...?

-How many...?

There is/ there isn't.

Is there...? Yes, there is / No, there isn't

**-Do you like...?Yes, I do / No, I don't.**

**I like...../I don't like....**

| <b>2. Avaliación e cualificación</b>    |  |
|---|--|
| <b>Avaliación</b>                       | <p>Procedementos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Avaliación formativa, será a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración todas as producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión en la expresión e auto-avaliación entre outros. E a avaliación sumativa, as probas escritas trimestrales e as de recuperación</li> </ol> |
|   | <p>Instrumentos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Observación directa na aula.</li> <li>2. Speaking. Exposición oral de breves textos sobre temas do seu entorno.</li> <li>3. Actividades de listening.</li> <li>4. Comprensiones lectoras.</li> <li>5. Redacción de textos breves seguindo un modelo.</li> <li>6. Actividades en grupo realizadas na aula.</li> </ol>  |
| <b>Cualificación final</b>              | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ponderación dos resultados acadados na 1ª e 2ª avaliación, tendo en conta o concepto de avaliación continua para acadar a media do curso.</li> <li>- A nota media do curso será obxecto de mellora en función do seguimento da realización das actividades propostas no 3º trimestre, valorando cada caso e a situación persoal do alumno.</li> </ul>   |
| <b>Proba extraordinaria de setembro</b> | No procede   |
| <b>Alumnado de materia pendente</b>     | <b>Non procede.</b>  |

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

|   |  |
|---|--|
| <b>Actividades</b>  | Exercicios elaborados polo auxiliar de conversa (listening, textos sobre aspectos culturais así como grabación de audios)<br>Fichas online autocorrexibles.<br>Actividades dos seus libros de texto.<br>Videos explicativos<br>Cancións<br>Xogos |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b> | Blog de inglés<br><br>Fichas impresas entregadas ás familias.  |
| <b>Materiais e recursos</b>   | Libros de texto do alumnado.<br>Blog de inglés do centro creado para a situación.<br>Correo electrónico<br>Abalar móbil<br>Whatsapp<br>Recursos dixitais das editoriais dos libros de texto usados.<br>Videos e recursos dixitais na rede.       |

| <b>4. Información e publicidade</b>          |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | Espazo abalar.<br>Blog de inglés incorporado na páxina web do centro.<br>Correos electrónicos.<br>Whatsapp |
| <b>Publicidade</b>                           | Páxina web do centro.  |